

O macropolígono comarcal estará en obras antes de dous meses



Fernando Blanco, Teresa Táboas e Domi Brión

“ En marcha a adquisición dos terreos do parque empresarial da Barbanza ”

A Consellaría de Vivenda e Solo adxudica por preto de 60.000 euros a redacción do proxecto de adquisición dos terreos necesarios para o desenvolvemento do Parque Empresarial da Barbanza, que se emprazará entre os concellos de Ribeira e Pobra do Caramiñal. Este proxecto deberá conter a relación de fincas afectadas polo desenvolvemento deste parque, a identificación dos propietarios

ou propietarias e a superficie das fincas. Unha vez elaborado, iniciarase a exposición pública para dar a posibilidade de presentar alegacións.

A previsión da Consellaría é realizar a tramitación administrativa durante o 2009 e que a licitación das obras se produza no cuarto trimestre deste ano. O investimento previsto nesta actuación é de máis de 32 millóns de euros, dos que máis de 27 millóns se dedicarán á urbanización e máis de 4 millóns se empregarán na adquisición de terreos.



O BNG mobiliza a cidadanía para salvar a praia das Carolinas

Despois de publicado o Plan Director de Portos Deportivos, o BNG iniciou unha campaña de información á cidadanía de Ribeira. Perto de medio milleiro de persoas apoiaron as alegacións do BNG en defensa da Praia das Carolinas e en contra da ampliación do actual Náutico que suporía a desaparición da praia, a privatización dunha importante franxa de dominio público e unha seria ameaza ao banco marisqueiro de Coroso. A iniciativa do BNG foi fundamental para a aprobación nun Pleno extraordinario dunha alegación na que se pide que se suspenda o proxecto e que “calquera actuación futura se realice co consenso cidadán e dos sectores afectados”

Os nacionalistas chaman ao consenso entre a Xunta de Galiza e o goberno local

O BNG fixo un chamamento á Consellaría de Medio Ambiente e ao goberno local para que cheguen a un acordo que permita avanzar no saneamento integral. Reclamou o BNG que se faga valer o acordo unánime da Corporación municipal de Ribeira de xullo de 2007 producido a raíz dunha iniciativa presentada polo BNG que recolle as demandas veciñais, en base a un compromiso acadado nunha xuntanza organizada daquela pola Comisión Veciñal de Aguiño.

O acordo plenario, adoptado por unanimidade: pedíalle á Xunta de Galiza que o proxecto da estación depuradora de augas residuais de Ribeira se someta aos trámites de avaliación de impacto ambiental e de avaliación estratéxica da súa sostibilidade. Tamén solicitar

da Xunta de Galiza unha depuradora específica para o polígono de Xarás. E ademais solicitouse que o emisario se prolongue até augas profundas, fóra da enseada, en augas con correntes oceánicas, onde se asegure o mínimo impacto e unha rápida difusión no medio receptor, e finalmente que o incremento na intensidade de uso do espazo destinado á planta depuradora vaia acompañado das preceptivas medidas compensatorias.

Por fin o gas natural chegará a Ribeira grazas a Xunta de Galiza

A Consellaría de Innovación e Industria (BNG) financiará con preto de 3,5 millóns de euros a chegada do gas natural a Ribeira.

A Consellaría de Innovación e Industria asinou un convenio de colaboración con Gas Galicia para a subministración de gas natural a varias localidades, entre elas Ribeira. Estes proxectos encádranse no acordo de colaboración da Consellaría de Innovación e Industria coa devandita empresa subministradora de gas para o desenvolvemento da IV Fase de Gasificación de Galiza, presentado polo titular de Innovación, o nacionalista Fernando Blanco.

Os proxectos de execución, que culminarán no ano 2010, contemplan a construción de plantas de gas natural licuado.

O BNG pide en Madrid que o terreo da fábrica de Castiñeiras pase a dominio público

O BNG xa demandara diante do Goberno municipal no mes de maio de 2008 que se iniciaran os trámites para reclamar da Demarcación de Costas a reversión a público da concesión dos terreos da antiga fábrica de Castiñeiras. O parlamentario do BNG en Madrid, Francisco Jorquera proporá no Parlamento do Estado que eses terreos pasen a ser de uso público e que nesa zona se habiliten espazos para o deporte, o lecer e outros. O BNG solicita que os terreos pasen a propiedade pública “para evitar a especulación urbanística e garantir o seu uso e lecer por toda a veciñanza”

O goberno local debe resolver o problema das inundacións e os cheiros

O BNG de Ribeira ven de presentar unha moción pola que solicita ao goberno municipal do PP actuacións inmediatas en relación co estado da rede municipal de sumidoiros.

E reclamando que se leven a cabo, dun xeito planificado, as actuacións recomendadas nun estudo encargado polo Concello de Ribeira para poñer fin ao grave problema de cheiros e inundacións que sofren periodicamente moitos lugares do noso concello. Ao mesmo tempo demanda que, mentres non se solucione totalmente o problema, o goberno local debe por en marcha medidas que compensen os problemas causados á cidadanía.

Lembremos que no pasado mes de xuño o goberno municipal anunciou a contratación dun estudo sobre a rede de sumidoiros co fin de saber as causas dos cheiros e inundacións e as solucións técnicas para pórle fin. Mesmo se deu o prazo dun mes para a realización do estudo. Transcorridos máis de seis meses o goberno do PP e o alcalde non teñen dado sinais de vida, como é costume.

Reclaman conxuntamente o arranxo urxente da Praza dos Muíños

O BNG presentou unha moción diante do goberno municipal do PP para que arranxe con urxencia a Praza dos Muíños.

Na iniciativa tamén demanda que se adopten de inmediato as medidas de seguranza necesarias para evitar accidentes en tanto non se acometan as obras.

Pola súa banda, a veciñanza iniciou unha recollida de sinaturas para reclamar o arranxo da praza.

O BNG de Ribeira ademais reuniuse cos veciños e veciñas da Praza dos Muíños para darlle información en relación coa iniciativa presentada. O arranxo desa praza é unha necesidade urxente para a veciñanza e usuarios e usuarias da mesma, entre os que se atopan meniños e meniñas de 0 a 3 anos, e tamén para toda a cidadanía de Ribeira.

A Praza dos Muíños constitúe un espazo público de arredor de 2.000 m² que o goberno municipal mantén na ac-



tualidade en situación terciromundista: sen servizo de limpeza, sen alumeadado público e con herbas, lama e pozas por todas partes. Debidamente acondicionada, esta praza converteríase nun céntrico espazo de lecer non só para a veciñanza do entorno senón tamén para todo o pobo de Ribeira.

Os negocios escuros do goberno local do PP vense na permuta de Fontán

O goberno do PP cambia 3000 m² de edificabilidade, por 41 m² de vía pública. Estes son parte dos escuros negocios do alcalde e do goberno local do PP en Ribeira, coa única oposición real do BNG a través da presentación dunha reclamación contra tal especulación a conta dos bens municipais e que tan ben sabe estragar o PP.

O goberno local do PP de Ribeira aprobou en solitario unha permuta pola que cambia o 10% da edificabilidade que lle corresponde na urbanización Fontán do Touro que permitiría a construción de 20

vivendas de protección por unha edificación ruínosa na rúa General Franco para ampliar en 41 m² unha pequena praza alí existente.

Isto é tremendamente grave porque ese 10% da edificabilidade representa 582 m² en baixos e locais multiusos, sempre necesarios para a prestación de servizos a toda a cidadanía, e 2.390 m² para a construción de 20 vivendas de protección oficial. Polo tanto, regalar todo isto a cambio de ampliar unha praza en 41 m² parece, cando menos, agochar unha operación especulativa de dubidosa hon-

radez para a cidadanía de Ribeira.

A lexislación vixente establece a poxa pública como regra xeral de alleamento dos bens dos concellos. E neste caso o goberno local non utilizou este mecanismo por razóns dubiosas e escuras. Un goberno municipal que defenda o interese xeral da cidadanía debería garantir que ese troco supuxera o máximo beneficio posíbel. Iso só se conseguiría mediante unha poxa pública. Aí veríase o auténtico valor dos terreos e da vivenda ruínosa. Razóns inconfesábeis avalan o proceder de Torres Colomer e do seu equipo de goberno.

O Goberno de Ribeira nega a festividade local para o Día da Dorna

Desoíndo o sentir maioritario da cidadanía, o goberno do PP rexeita a proposta do BNG, amplamente respaldada polos dorneiros e dorneiras, de declarar o Día da Dorna como festivo local. O goberno local do Partido Popular non quixo oír a toda unha cidadanía que quere gozar do Día da Dorna como festividade local. O BNG de Ribeira leva anos comprometido coa festa, e exemplo desta son as xestións que fixo o BNG de Ribeira ante diversos departamentos da Xunta de Galiza para obter financiación da Festa da Dorna 2008. Entre elas cabe destacar a aportación da Dirección Xeral de Turismo con 10.000 euros, a da Consellaría de Cultura con 3.000 euros, a Dirección Xeral de Xuventude con 3.500 euros, administracións da Xunta de Galiza de responsabilidade do BNG, así como a da Deputación da Coruña onde o BNG tamén ostenta responsabilidades de goberno.



Aprobada unha iniciativa do BNG para instalar unha dobre bionda na autovía

O Concello de Ribeira instará á Consellaría de Política Territorial a que instale en todo o percorrido da autovía da Barbanza un sistema de protección de dobre bionda para os moteiros e moteiras que circulen por ela. Esta viña sendo unha vella reivindicación do colectivo motorista que o BNG sempre compartiu. É a primeira vez que o Concello de Ribeira se manifesta neste sentido e se agarda que a proposta sexa efectiva diante de Política Territorial.

Sen dúbida, a seguridade viaria da autovía da Barbanza ten que ser unha das premisas básicas sobre as que se debe pór en marcha esta importante infraestrutura.

Nos pasados meses foron moitos e moitas motociclistas que se concentraron polos concellos da comarca demandando a instalación desta dobre bionda protectora.

Por outra banda o Plan de Seguridade Viaria de Galiza 2006-2010 prevé entre as súas liñas de actuación a “adaptación progresiva da infraestrutura e o seu equipamento

ás particularidades dos e das motociclistas nos itinerarios máis frecuentados”, ao obxecto de identificar e actuar nos tramos de concentración de accidentes mortais. Así pois non ten sentido que a nova autovía non teña en todo o seu percorrido un sistema acaído de protección

para os moteiros e as moteiras que evite a gravidade dos accidentes que se poidan producir. Asemade o BNG tamén instou a que se solucionaran as deficiencias da nova autovía que se deben de subsanar, tales como a Ponte de Ventín, accesos a leiras e invernaoiros anegados, etc...



O goberno local pon en perigo o patrimonio do peirao fenicio da Cobasa

O peirao fenicio da Cobasa está catalogado como patrimonio arqueolóxico pola Xunta de Galiza. Así se recolle no inventario de xacementos arqueolóxicos do concello de Ribeira. Isto implica que calquera actuación nas súas proximidades deben contar coa preceptiva autorización da Xunta de Galiza.

O goberno do PP de Ribeira realizou unha obra nas súas inmediacións sen dispoñer da pertinente autorización e permiso, poñendo en perigo o patrimonio de todos os galegos e galegas, e demostra con esta actuación que salta a lei ao seu antollo. As consecuencias: veciños sen servizo e sancións millonarias que pagaremos cos cartos de toda a cidadanía.

O BNG presentou unha iniciativa instándoo a reparar os danos ocasionados e a recuperar este ben de interese cultural. Tamén solicita o BNG que se redacte un Plan de Especial de Protección para o patrimonio arqueolóxico do noso con-

cello por ser importante para toda a cidadanía e sinalalo así a lei de Patrimonio Histórico de Galiza.



Deficiencias no campo de A Fieiteira

O BNG de Ribeira leva insistindo na adecuación e mellora das instalacións deportivas do noso concello. Como exemplo temos que citar o campo de céspede artificial de A Fieiteira que tardou moito tempo en estar dispoñible para a cidadanía. Grazas a intervención do BNG axilizáronse os trámites para que se producira a entrega ao concello. Aínda así son moitas as pequenas obras que debe facer o concello para deixalo operativo. Clama ao ceo a falla de planificación do goberno do PP cando construíu uns banquiños, pouco estéticos por certo, e logo detrás deles unha cuberta para que se abrigue o público. Máis o público non pode ver de xeito adecuado o campo de fútbol ao ter os banquiños por medio... Estas cousas só pasan en Ribeira.



O goberno do PP continúa a xogar coa seguridade da xente coas deficiencias no alumeado público

O arranxo urxente das deficiencias existentes no alumeado público para evitar o risco de accidentes é un clamor da xente de Ribeira. Mesmo o BNG presentou unha iniciativa para demandar do goberno do PP solucións urxentes á situación do alumeado público en todo o concello. O goberno do PP dispón de fotos dos defectos denunciados que aportou nunha iniciativa o BNG, e que Torres Colomer e o PP rexeitaron alegando que a situación “non é tan grave” e que “xa estamos neso.”

O PP despreza a petición de 300 veciños e veciñas para protexer Laxe Brava

Despois da negativa da Consellería de Pesca (de responsabilidade do PSOE) a atender as múltiples alegacións en contra da instalación dunha piscifactoría na Laxe Brava, en Corrubedo, a única fórmula viábel para evitar a desfeita e protexer os intereses dos veciños e das veciñas é a declaración de Espazo Natural de Interese Local. Esta protección, que tería que solicitar o Concello de Ribeira, obrigaría a paralizar este proxecto acuícola, evitando polo tanto as expropiacións que o Plan Acuícola permite, e non afectaría en nada aos inte-

reses dos propietarios e propietarias, pois a cualificación urbanística e os usos permitidos serían os mesmos que hoxe hai. O Espazo Local non é un Parque Natural, como afirma o PP para “asustar” pois sería o Concello de Ribeira o encargado da xestión, conservación e promoción do lugar. Máis de trescentas sinaturas de veciños e veciñas de Corrubedo, apoiando a moción do BNG, foron desprezadas polo goberno do PP que prefire iniciar, pagando cos cartos de todos, un contencioso que só pode perder.



As iniciativas do **BNG** nas parroquias serven para mellorar Ribeira

Artes

Actuación integral na Teixoeira. Presentamos unha iniciativa diante do goberno local reclamando unha partida económica para levar a cabo unhas obras que consistirían na limpeza e reparación do firme da pista así como a mellora de alumeados e a dotación da rede de sumidoiros.

Campo de Trumiáns. Os veciños e veciñas pretenden entregar sinaturas para que o goberno municipal cumpra co que é a súa responsabilidade diante do mal estado deste campo. O BNG demandou ao goberno do concello que busque unha nova ubicación para un novo campo de fútbol para Artes. Hai que lembrar que máis dun cento de rapaces de todo o concello xogan habitualmente neste campo.

Rede de sumidoiros. Pese ás reiteradas reclamacións do BNG, o goberno municipal continúa sen reparar a moi deficiente rede de sumidoiros de Artes, fonte de frecuentes desbordamentos e cheiros.

Corrubedo

Melloras ao proxecto de depuradora. O BNG ten solicitado que se inclúa no proxecto o saneamento para Teira, o arranxo dos camiños públicos afectados, a redución do nivel sonoro, que se rebaxe a altura sobre o terreo e que se instalen pantallas vexetais.

Pista polideportiva. Diante da demanda de arranxo da pista deportiva de Corrubedo o PP, por boca do alcalde, limitábase a dicir que “esa pista está bastante ben” e aínda que “recoñezo que hai algunhas herbas”, rexeitan arranxala e completar a dotación de vestiarios, auga, luz e outros servizos. Os mozos e as mozas de Corrubedo seguirán facendo deporte na rúa.

Oleiros

O saneamento. O BNG pediulle á Consellaría de Medio Ambiente que para poñer en marcha a depuradora de

Corrubedo, se faga incluíndo unha liña básica de saneamento da que se poidan beneficiar posteriormente todos os núcleos da parroquia de Oleiros, entre eles Lixó, Muíños e Salmón. Tamén se lle demandou ao goberno de Ribeira que complete esta rede básica de saneamento, porque a parroquia de Oleiros é a máis deficitaria do concello.

Preto dun millón de euros para a mellora eléctrica da parroquia. O delegado provincial da Consellaría de Innovación e Industria explicou as actuacións na rede eléctrica xa realizadas ou en marcha, e que significarán importantes melloras no subministro eléctrico para varios lugares da parroquia que até o momento padecían unha deficiente situación. O delegado nacionalista de Industria, Luís Barcia, cifrou en preto dun millón de euros a cantidade que se investirá no concello de Ribeira do 2005 ao 2009. Ao final da lexislatura a situación do subministro eléctrico no concello de Ribeira será “óptima”. Luís Barcia tamén se referiu aos Plans da Consellaría para a implantación da Banda Ancha no rural, que a Consellaría pretende achegar ao cen por cen dos núcleos.

Palmeira

Postes de Telégrafos. O BNG presentou unha iniciativa no Congreso dos Deputados en Madrid, a través do deputado Francisco Jorquera, centrada na retirada dos postes de telégrafo existentes nesta parroquia. Ademais dende o BNG de Ribeira temos solicitado xa numerosas veces ao goberno local que tomase as medidas oportunas para que fosen retirados os postes de electricidade, teléfonos ou doutro tipo que xa non teñen utilidade ou que están situados nas rúas ou beirarrúas. Dende o BNG de Ribeira instamos ao goberno do Concello de Ribeira a que cumpra coas súas responsabilidades e que retire os postes que xa non se utilizan ou que están “sementados” polas rúas e beirarrúas do noso concello estorbando o paso de persoas e vehículos.

Carreira

Peche de Caixa Galicia. O BNG xestionou con representantes de Caixa Galicia a continuidade da oficina desta parroquia.

Melloras en Carreira. O BNG solicitou novamente unha actuación integral nos lugares de Toxeira de Antromatos e Barrosas que supoña a dotación de auga e saneamento, a canalización de pluviais, necesaria para evitar asolagamentos en torno a algunhas vivendas, o pavimentado de todas as pistas e a dotación dos puntos de luz necesarios.

Tamén o BNG ven de solicitar novamente a dotación de marquesiñas nos lugares da Capela e Pé do Corniño e que se proceda ao arranxo do resto das marquesiñas distribuídas pola parroquia.

No relativo a unha actuación integral na Fonte de Vixán temos demandado a limpeza e mellora dos accesos, o saneamento do regato que leva as augas liberadas e a recuperación da fonte e do lavadoiro.



Abesadas

Casa da Xuventude. No entorno da construción da chamada Casa da Xuventude, estase construíndo un quiosco que vai ter funcións de bar da instalación. O BNG de Ribeira instou ao goberno local a que ese bar se sitúe máis lonxe das vivendas xa que están a menos de 3 metros e poden ser un perigo para a seguridade das vivendas. O goberno local logo das reiteradas peticións da cidadanía e do propio BNG segue facendo oídos xordos.

O BLOG DE DOMI
www.bng-ribeira.org/domi/



Ribeira necesita vivenda protexida

A necesidade de vivenda protexida de calidade en Ribeira é algo que ninguén pon en dúbida. O incremento do seu prezo nos últimos anos fixo que moita xente, especialmente mozos e mozas, tiveran mesmo que irse a outros concellos a mercar a súa vivenda porque o prezo da mesma en Ribeira estaba, e aínda o está a pesar de crise do sector da construción, por enriba das súas posibilidades.

O proxecto de Plan sectorial de solo de Galiza con destino a vivendas protexidas tiña previsto unha actuación en Ribeira que ascendía a preto de 13 millóns de euros, dos que 9 millóns de euros se destinarían á adquisición do solo e a indemnizacións e 4 millóns de euros á urbanización. O emprazamento de Coroso, proposto polo alcalde “por consideralo o máis idóneo”, tal como nos informou en Xunta de Voceiras e Voceiros de agosto pasado, foi rexeitado polos propietarios e propietarias do solo. A Conselleira de Vivenda e Solo, Teresa Táboas, comprometeuse comigo a que non levaría a cabo ningunha actuación sen o consentimento dos seus propietarios. Polo tanto, queda descartada a reserva de solo de Coroso de 100.862 m² na que se pretendían construír 402 vivendas, das que 328 son protexidas.

Chegados a este punto, se concordamos que é importante que en Ribeira se constrúa vivenda protexida de calidade, descartado o emprazamento de Coroso, parécenos que o Goberno Municipal ten a obriga de buscar alternativas de solo, mesmo con aportación de chan municipal se fose necesario e, en todo caso, consensuando cos propietarios e propietarias unhas condicións atractivas. Isto permitiría que non se perda no noso concello un importante investimento para a dotación de vivenda a prezo taxado, coa conseguinte xeración de emprego e revitalización da economía local.

Queres recibir por correo electrónico as novas políticas de Ribeira?

Contacta con nós

Coa túa colaboración podemos CAMBIAR RIBEIRA

O BNG é a opción útil que pode lograr o cambio!!

Luns, Mércores e Venres de 13:00 a 14:00 estamos na Sede Local (Amarella, 2)

barbanza@bng-galiza.org • www.bng-galiza.org/barbanza